



**Telmo Martín González**  
Concello de Sanxenxo  
R/Cruceiro, 43  
36990 – Sanxenxo  
Pontevedra

**Carmen Salinero Corral, Xefa do Servizo Estación Fitopatológica Areeiro, pertencente a la Deputación Provincial de Pontevedra, informa:**

Que, a petición de D. Telmo Martín González, Alcalde do Concello de Sanxenxo, o pasado 9 de outubro acudíuse a tres zonas públicas do concello (Paseo de Baltar, Parque Público do Vicaño e Parque Público de Baltar) para facer unha valoración do estado das súas árbores. Os informes correspondentes ás zonas "Paseo de Baltar" e "Parque Público do Vicaño" remitíranse en datas posteriores pois están pendentes as analíticas do laboratorio, polo que neste caso só se tratará sobre o "Parque Público de Baltar" onde urxe actuar para evitar posibles danos ás persoas ou aos bens materiais, sobre todo tendo en conta que comeza a haber diferentes episodios de fenómenos meteorolóxicos adversos.

O Parque Público de Baltar é un espazo aberto con presenza dalgunhas agrupacións de diferentes especies arbóreas, piñeiros sobre todo. Aínda que hai algunha outra especie sobre a que se debe actuar, os piñeiros son os prioritarios, pois presentan un importante desequilibrio copa-fuste e un crecemento tamén desequilibrado en altura fronte ao



diámetro, debido entre outras a non ter feito un rareo dos pés cando estes comezaban a estar demasiado próximos. Esta situación non é a máis favorable para un entorno de uso público, e menos para unha zona de xogos para os nenos. Polo tanto é preciso eliminar os pés mortos (hai algúns), os puntisecos, os que presentan a cabeza ou parte superior da copa seca ou rachada, e tamén aqueles con maior inclinación ou moi dominados. O obxectivo de eliminar os primeiros é obvio; os restantes tamén deben retirarse porque a debilidade que provoca a súa situación atraerá sen dúbida a insectos xilófagos (consumidores de madeira, como escolítidos e cerambícidos) e tamén a

fungos oportunistas, que farían perigar a totalidade das árbores. Ademais, coa eliminación destes pés, que debería incluír a retirada do toco e do sistema radicular para evitar problemas no futuro, conseguírase tamén favorecer a vitalidade dos remanentes.



Por outra banda, como se dixo anteriormente, ademais dos piñeiros tamén débese actuar sobre unha acacia negra de importantes dimensións que presenta unha rama rachada a boa altura, o que implica un risco de caída ante ventos fortes.



As operacións mencionadas deben ser feitas coa máxima precaución para non danar o mobiliario urbano e outras infraestruturas existentes (randeiras –“columpios”-, cables eléctricos, muros, edificacións veciñas) e tamén para respectar os piñeiros que se pretenden conservar.

Pontevedra, 11 de outubro de 2018





**Fdo/ Carmen Salinero Corral**  
**Xefa do Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro**